

## CALENDARIO DE VACINACIÓN DE ADULTOS

As enfermidades prevenibles mediante vacinación son unha causa importante de morbi-mortalidade na idade adulta, polo que é necesario estender as políticas de vacinación aos adultos co fin de reforzar o impacto dos programas de vacinación infantil e tentar controlar esas infeccións.

Neste sentido, o Consello do Goberno Galego da Xunta ven de aprobar o Calendario de vacinación do adulto, que establece as recomendacións xerais de vacinación para a poboación adulta, que será de aplicación en todos os puntos de vacinación da comunidade e entrará en vigor a partir do día 3 de xullo.

As necesidades vacinais varían en función da idade, dos antecedentes vacinais, do estado de saúde así como das condicións de vida, ambientais ou profesionais, polo que no antedito calendario establécense as indicacións e pautas vacinais que servirán de guía e apoio no día a día dos profesionais sanitarios, cuxa participación e cooperación é imprescindible para acadar un dos obxectivos fundamentais dos programas de vacinación que é manter a adhesión a eles.

Destaca a incorporación da vacina antipneumocócica conxugada para todos os nados a partir do 1 de xaneiro de 1952 ao cumprir 65 anos, e se manteñen, ao mesmo tempo, as indicacións para grupos de risco de calquera idade. A vacina polisacárida pasará a administrarse aos 66 anos.

No calendario tamén se recollen as recomendacións de vacinación para a poboación adulta fronte ao tétano, difteria, tose ferina, sarampelo, rubéola, parotidite, hepatite B, gripe, varicela, virus do papiloma humano (VPH) e meningococo C.

A vacinación fronte ao tétano/difteria indicárase a todos os adultos non vacinados previamente ou coa primovacinação incompleta, así como para a profilaxe antitetánica en feridas.

As mulleres embarazadas entre a semana 28 e 36 de xestación, preferiblemente na semana 32, deberán recibir unha dose da vacina difteria-tétano-tose ferina acelular de baixa carga antixénica.

Anualmente vacinaranse da gripe as persoas de 60 ou máis anos de idade e as que presenten risco de complicacións. A vacinación antigripal do persoal sanitario resulta imprescindible para evitar a transmisión da enfermidade a pacientes con alto risco de complicacións así como o seu propio padecemento.

A vacinación con tripla vírica recoméndase segundo a data de nacemento, o padecemento previo da enfermidade e o estado inmunitario, e se establece a pauta de vacinación segundo o caso; tamén se realizan as recomendacións para a vacinación das mulleres embarazadas susceptibles despois do parto. Por outra banda, a vacina fronte ao VPH indicárase a todas as mulleres nadas a partir do 1994 que non fosen vacinadas previamente. Cabe destacar, pola súa importancia, a vacinación das mulleres conizadas nos 6 últimos meses por lesións intraepiteliais de grado CIN 2 ou superior, debido ao maior risco de recorrencia ben por reinfección ou reactivación.

Este documento será publicado proximamente na web da dirección xeral de Saúde Pública e será distribuído ao sistema sanitario. O calendario pódese ver no Apéndice.

## ABROCHO DE HEPATITE A EN HSH: PRIORIDADE PARA A VACINACIÓN

Dende hai tempo existe un problema de subministro mundial da vacina fronte ao VHA; pero esta situación de falta de vacina, relacionada cun problema de produción das compañías farmacéuticas, ven de mellorar agora coa recepción de vacinas fronte ao VHA.

Con todo, dada a situación, vense de difundir, dende Saúde Pública, unha [nota informativa](#), na que se recomenda que se empregue só unha dose e se aprace a dose de recordo para o intre no que se estableza o subministro normal da vacina, e se destacan os grupos prioritarios para a vacinación fronte ao VHA.

Entre estes grupos destacan, sobre todo, os homes que teñen sexo con homes (HSH), xa que se está a desenvolver un abrocho neste colectivo dende o verán do 2016 e ata a actualidade, no que o número de casos confirmados de VHA é catro veces maior que a media dos últimos tres anos (75% homes e fundamentalmente, da provincia da Coruña). Este aumento coincide temporalmente co abrocho que se está a

desenvolver en España e Portugal, entre outros moitos países [[ecdc](#)].

Por iso, a dirección xeral de Saúde Pública ven de publicar na páxina web do SERGAS dedicada á campaña preventiva na app Wapo unha nota informativa para este colectivo, na que se inclúen unha serie de recomendacións para evitar o contaxio e se lles anima a que acudan aos seus centros de saúde, para vacinarse fronte ao VHA, previa seroloxía no caso dos nados con anterioridade a 1977.

Ademais, tendo en conta que o VHB ten maior risco en HSH, pódese aproveitar a consulta para indicarlles a vacina contra hepatite B aos nados con anterioridade a 1982, agás que tiveran recibida a vacina ou sexan inmunes.

Por outra banda, outros grupos prioritarios pódense consultar na folla informativa [[ligazón](#)].

Ademais, entre as indicacións recollidas está o seu uso postexposición, xa resumidas en [Venres](#).

# CALENDARIO de VACINACIÓN de ADULTOS

2017 <small>(a partir do 3 de xullo)</small>		Ata 35 anos	36-49 anos	50-59 anos	60 ou máis anos
VACINAS	Td (tétano e difteria)	Completar ou iniciar pauta de vacinación (5 doses) Se ten calendario infantil completo: 1 dose de recordo ao redor dos 65 anos			
	dTpa <sup>(2)</sup>	Embarazadas (semana 28-36, preferiblemente 32): 1 dose en cada embarazo			
	Gripe	Se existe factor de risco: 1 dose anual			1 dose anual
	Pneumocócica conxugada 13 v	Se existe factor de risco: 1 dose			1 dose ao cumprir 65 anos
	Pneumocócica polisacáridos 23 v	Se existe factor de risco: 1 dose (intervalo mínimo 1 ano despois de PnC13)			1 dose aos 66 anos <sup>(1)</sup>
	Hepatite B	Se non foron vacunados previamente: 3 doses	Nados antes de 1982, se existe factor de risco: 3 doses		
	Triple vírica <sup>(3)</sup> (sarampelo, rubéola e parotidite)	Se non foron vacunados previamente e nados despois de 1981: 2 doses Se non cumpren criterios de inmunidade e nados entre 1968 e 1981: 1 dose			
	Varicela <sup>(4)</sup>	Vacinação se non cumpren criterios de inmunidade: 2 doses			
	Meningococo C	Se non foron vacunados previamente: 1 dose	Se existe factor de risco: 1 dose		
	Virus do papiloma humano (VPH) mulleres	Non vacunadas previamente, nadas a partir 1994: 3 doses	Se existe factor de risco: 3 doses <sup>(5)</sup>		

Para todas as persoas desta categoría e das idades indicadas para as que non haxa constancia de inmunización/inmunidade  
 Recomendada se existe outro factor de risco  
 Non indicada

(1) Pneumocócica de polisacáridos 23 v: Persoas de 66 anos ou maiores desta idade non vacunadas con anterioridade  
 (2) dTpa: Personal sanitario das áreas de obstetricia e pediatria: 1 dose

(3) Triple vírica: 2 doses para sanitarios, traballadores de centros educativos e viaxeiros a zonas de alto risco  
 (4) Varicela: segundo as fichas técnicas das vacinas fronte á varicela non existen datos de eficacia protectora nin de resposta inmune nas persoas seronegativas > 65 anos

(5) VPH: Mulleres sometidas a tratamento exsional de CIN2+ ou AIS nos 6 últimos meses: 3 doses